

BauGal 2. A cidade é nosa - GUÍA DIDÁCTICA



Lingua Galega 4º ESO - Alexandra Pacheco
Tecnoloxía 4º ESO - Ana Moreira

Sesión 1 – Introducción: Urbanismo no s. XXI

Obxectivos:

- Contextualizar e xustificar os obxectivos xerais do ODE.
- Coñecer as fases de traballo e os criterios de avaliación do ODE.
- Analizar a función dos espazos públicos nas cidades e o seu papel na calidade de vida e no benestar da cidadanía, facendo propostas de mellora. (OBX 1, 2 e 6)

Competencias clave:

- CCL e CP: comprensión e adquisición de vocabulario técnico.
- CC: participación activa e crítica.
- STEM: análise da estrutura urbana.
- CD: uso de webs oficiais de municipios galegos.
- CPSAA: reflexión sobre o impacto ambiental e social da construción (ODS).
- CE: creatividade urbana.

Contidos:

- Espazo público e dereito á cidade.
- Urbanismo e ODS.

Criterios de avaliación:

CA1.1, CA1.4, CA1.5 e CA1.6: Analizar o espazo público desde a perspectiva do benestar e sustentabilidade. Relacionar deseño urbano con participación cidadá.

Metodoloxía:

- Estímulo: *Está a nosa vila en liña co urbanismo do s. XXI?* Reflexión en parellas e posta en común.
- Tarefa competencial: investigación en webs oficiais de concellos.

DUA:

- Teoría accesible por barra DUA, lectura facilitada e audio.
- Imaxes reais con descrición de audio.

Sesión 2 – Cidades intelixentes e infraestruturas urbanas

Obxectivos da sesión:

Coñecer o papel das infraestruturas urbanas na sostibilidade e calidade de vida das cidades. Propoñer melloras na vila propia. (OBX 1, 3 e 6)

Competencias clave:

- CCL e CP: comprensión e adquisición de vocabulario técnico.
- STEM: eficiencia e impacto ambiental da xestión de recursos urbanos.
- CD: *board* na aula virtual e etiquetado de fotos.
- CPCSAA e CC: reflexión sobre o espazo público.

Contidos:

- Cidades sensibles e intelixentes.
- Mobilidade urbana.
- Redes de subministración de auga e luz.
- Xestión do lixo
- Telecomunicacións.

Criterios de avaliación:

- CA1.1, CA1.4, CA1.6, CA 2.1: Analizar as infraestruturas desde a perspectiva da sostibilidade. Relacionar infraestruturas con necesidades sociais. Propoñer melloras atendendo ós avances tecnolóxicos.
- CA5.2: Plasmar o resultado dunha investigación nun muro colaborativo dixital.

Metodoloxía:

Implantación na aula

- Estímulo: *Que lle pides á túa vila para ser intelixente?* Vídeo explicativo, reflexión e posta en común.
- Exposición de contidos.
- Actividades de reforzo e ampliación: cuestionario autocorrixible.
- Tarefa competencial: ecoauditoría infraestruturas.

DUA:

- Contidos teóricos con barra accesibilidade + lectura facilitada + audio.
- Imaxes reais con descrición de audio

Sesión 3 – Sostibilidade habitacional

Obxectivos da sesión:

Comprender o impacto ambiental e social das vivendas. Analizar os criterios de deseño sostible. (OBX 1, 2 e 6)

Competencias clave:

- CCL e CP: comprensión e adquisición de vocabulario técnico.
- STEM: eficiencia enerxética e arquitectura bioclimática. Domótica.
- CPSAA: saúde e confort na vivenda.
- CC: mantemento da vivenda propia en relación ó compromiso coa veciñanza.
- CE: disposición a mellorar a vivenda propia.

Contidos:

- Enerxía e potencia nas casas pasivas.
- Domótica.

Criterios de avaliación:

- CA1.4, CA1.6: coñecer e valorar solucións técnicas na arquitectura que aúnen innovación e sostibilidade. (Eventualmente, executar un prototipo, CA4.2)
- CA2.2: valorar o uso de materiais en construción cun ciclo de vida longo.

Metodoloxía:

Implantación na aula:

- Estímulo: *O boom do ladrillo* (reflexión colectiva a partir de fotos).
- Contidos teóricos.
- Tarefa competencial: análise de consumo dunha vivenda.
- Actividades de reforzo e ampliación: cuestionario autocorrigible e proposta de práctica IoT.

DUA:

- Contidos teóricos con barra accesibilidade + lectura facilitada + audio.
Imaxes reais con descrición de audio.

Sesión 4 – Sostibilidade sociocomunitaria

Obxectivos da sesión:

Analizar a importancia da cohesión social e o comercio de proximidade nas cidades.
Propoñer melloras na vila propia. (OBX 1, 3 e 6)

Competencias clave:

- CCL e CP: comprensión e adquisición de vocabulario técnico.
- CD: navegación segura en internet e *board* na aula virtual.
- CPSAA: análise de asociacións culturais e clubs deportivos.
- CC: valoración da necesidade de ter e coidar servizos e espazos públicos e comercio local.
- CE: implicación persoal na veciñanza.

Contidos:

- Emprego e comercio local.
- Participación cidadá e cohesión social.
- Navegación e compras seguras en internet.

Criterios de avaliación:

- CA1.1, CA1.4, CA1.5, CA1.6, CA1.7: Propoñer accións para mellorar a vida comunitaria. Relacionar urbanismo con xustiza social.
- CA5.2: Plasmar o resultado dunha investigación nun muro colaborativo dixital.
- CA5.1: Coñecer e navegar con seguridade na web e en plataformas dixitais educativas. Saber facer compras seguras.

Metodoloxía:

Implantación na aula

- Estímulo: *Análise dunha asociación local*.
- Exposición de contidos.
- Actividades de reforzo e ampliación: xogo perigos navegación e infografía comercio *online*.
- Tarefa competencial: ecouditoría sociocomunitaria.

DUA:

- Contidos teóricos con barra accesibilidade + lectura facilitada + audio.
- Imaxes reais con descrición de audio

Sesión 5 – Sostibilidade ambiental

Obxectivos da sesión: Reflexionar sobre o impacto ambiental das cidades e propoñer solucións sostibiles. (OBX 1, 2, 3 e 6)

Competencias clave:

- CCL e CP: comprensión e adquisición de vocabulario técnico.
- STEM: análise de datos de consumo de residuos.
- CD: *board* na aula virtual e etiquetado de imaxes.
- CPSAA: beneficios de levar unha vida en contacto coa natureza.
- CC: coidado da contorna: espazo público, parques e xardíns.
- CE: implicación no mantemento de espazos.

Contidos:

- Pegada ecolóxica.
- Sistemas de reciclaxe.
- Exemplos de cidades sostibiles.

Criterios de avaliación:

- CA1.1, CA1.4, CA1.6, CA2.2, CA 5.2: Identificar problemas ambientais e propoñer solucións. Valorar accións sustentables.
- CA2.2: Valorar o ciclo de vida dos produtos que se mercan, escapando da obsolescencia programada.
- CA5.2: Plasmar o resultado dunha investigación nun muro colaborativo dixital.

Metodoloxía:

Implantación na aula:

- Estímulo: *Vídeo sobre contaminación*.
- Exposición de contidos.
- Tarefa competencial: ecoauditoría ambiental.

DUA:

- Contidos teóricos con barra accesibilidade + lectura facilitada + audio.
- Imaxes reais con descrición de audio.

Sesión 6 – Mapa colaborativo

Obxectivos da sesión:

Situar nun mapa os puntos escolmados nas sesións anteriores. Engadir unha análise sobre a relación entre cidade e xénero, elaborando un mapa colaborativo con propostas de mellora. (OBX 1, 2, 3, 4, 5 e 6)

Competencias clave:

- CCL e CP: comprensión e adquisición de vocabulario técnico.
- STEM e CD: creación de mapa dixital.
- CPSAA e CC: comprensión e necesidade do ecofeminismo e o deseño de espazos con perspectiva de xénero.
- CE: reivindicación da igualdade de dereitos.

Contidos:

- Ecofeminismo urbano.
- Deseño colaborativo e ferramentas dixitais.

Criterios de avaliación:

CA1.2, CA1.4, CA1.6, CA 3.1, CA 3.2, CA5.1, CA5.2: Elaborar propostas claras e argumentadas. Usar ferramentas TIC de forma eficaz. Crear circuitos electrónicos básicos.

Metodoloxía:

Implantación na aula: método de proxectos.

- Actividades reforzo/ampliación:
 - Guía e modelo de publicación no mapa colaborativo.
 - Repaso de circuitos básicos.
- Explicación ante a comunidade escolar.

DUA:

- Contidos teóricos con barra accesibilidade + lectura facilitada + audio.
- Imaxes reais con descrición de audio.

Sesion 7 – Avaliación

Obxectivos:

Coñecer os criterios de avaliación da secuencia e analizar se se lograron, valorando a súa contribución ó logro dun perfil competencial de saída adecuado.

Competencias:

- CCL e CP: consolidación de vocabulario técnico. Defensa do proxecto persoal.
- CD: manexo de cuestionarios Moodle.
- STEM: cálculo de cualificación en función de porcentaxes.
- CPSAA: conciencia do valor da avaliación e coavaliación.
- CC: adquisición dun criterio estético, sensible e sostible no deseño e mantemento de espazos.
- CE: creatividade e rigor nas actividades de investigación, aprendendo dos propios resultados.

Contidos:

Os da unidade máis: Comunicación efectiva: entoación, expresión, xestión do tempo, adaptación do discurso e uso dunha linguaxe inclusiva, libre de estereotipos sexistas.

Criterios (suma dos traballado en casa sesión):

CA1.1 e cA1.4 – Analizar produtos, servizos e espazos urbanos considerando o seu ciclo de vida, impacto ambiental e adecuación ás necesidades sociais. Formular propostas de mellora sostible para o contorno próximo a partir da observación e análise da realidade urbana.

CA1.2 – Participar activamente na elaboración de murais e mapas colaborativos, planificando e executando tarefas de forma organizada e creativa.

CA1.5 – Defender públicamente o traballo individual de forma clara, precisa e cooperativa, tanto oralmente como por escrito.

CA1.6 – Valorar o papel da arquitectura sostible e do urbanismo responsable como ferramentas para mellorar a vida nas cidades. Citar exemplos.

CA2.2 – Aplicar criterios de sustentabilidade e accesibilidade no deseño de solucións tecnolóxicas, analizando o impacto de materiais e sistemas. Telo en conta no referente a desbotamento e xeración de residuos.

CA3.1 - Saber montar un circuíto de LEDs en paralelo (mapa colaborativo).

CA3.2, CA1.2 - Usar vocabulario técnico e valorar desde unha perspectiva interdisciplinaria o aprendido.

CA5.1 – Crear e editar contidos dixitais (como mapas e muros colaborativos) para documentar e compartir propostas tecnolóxicas.

Desenvolvemento:

- Análise dos criterios de avaliación e coherencia dos mesmos no currículo.
- Revisión de rúbricas e listas de cotexto.
- Autoavaliación do traballo diario.
- Cuestionario de avaliación final.
- Presentación do traballo individual e reflexión colectiva sobre o resultado.
- Reflexión colectiva sobre a metodoloxía empregada na unidade. Análise de interdisciplinabilidade (se procede).
- Propostas de mellora.
- Visionado de documentais ou lecturas que non puideron facerse ó longo da secuencia.